



PUBLICACIÓN DOS LISTADOS DEFINITIVOS DAS SOLICITUDES COMPLETAS, EXCLUÍDAS e REQUIRIDAS DO PROGRAMA "REENCONTROS NA TERRA" PARA O ANO 2014 (Resolución do 08 de abril de 2014 da Secretaría Xeral da Emigración, publicada no DOG nº 73 do 15-04-2014)

PAÍS : CUBA

Data publicación: 05/08/2014

Datas de realización: Do 03 ao 16 de outubro de 2014 na R.T.L. de Carballiño (Ourense)

De acordo co disposto no artigo 9.5 da resolución de convocatoria, publícase a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, entendendo como solicitudes admitidas aquelas que levan a mención COMPLETA na columna ADMITIDA/EXCLUIDA. Todas as demais están definitivamente excluídas, sinalando o ARTIGO INCUMPRIDO e o MOTIVO DA EXCLUSIÓN na correspondente columna.

Nº REX. TELEMÁTICO	Nº REX. ORDINARIO	APELIDOS	NOME	¿ACREDITA SER BENEFICIARIO DAS PRESTACIONS ECONOMICAS POR ANCIANIDADE?	ULTIMO ANO NO QUE PARTICIPOU EN PROGRAMAS DE VIAXES TRAS ATÁNTICOS DESTA SECRETARIA XERAL	APELIDOS DO CÓNXUXE	NOME DO CÓNXUXE	ESTADO TRAMITACIÓN	ARTIGO QUE INCUMPRE	OBSERVACIÓNS
403253		DIAZ GONZALEZ	MANUEL	SI	1997	PANTALEON FUNDORA	ZAIDA OFELIA	COMPLETA		





Nº REX. TELEMATICO	Nº REX. ORDINARIO	APELIDOS	NOME	¿ACREDITA SER BENEFICIARIO DAS PRESTACIONS ECONOMICAS POR ANCIANIDADE?	ULTIMO ANO NO QUE PARTICIPOU EN PROGRAMAS DE VIAXES TRAS ATÁNTICOS DESTA SECRETARIA XERAL	APELIDOS DO CÓNXUXE	NOME DO CÓNXUXE	ESTADO TRAMITACIÓN	ARTIGO QUE INCUMPRE	OBSERVACIÓNS
403266		FERNANDEZ ECHENIQUE	DELIA	SI	1999	MUÑIZ SOLER	EDUARDO	EXCLUIDA	2º.1.5	Participou en programas de viaxes da SXE no ano 1999
403248		MACEIRA SIXTO	MANUEL JOSE	NON		NIEBLA GRANELA	CARIDAD MANUELA	EXCLUIDA	2º.1.4	Data de nacemento posterior ao 16/06/1949
403239		NIETO CEBEY	JOSE	SI	1994			COMPLETA		

DESCRIPCIÓN DOS ARTIGOS

Art. 2.1.1: Ser emigrante galego/a
Art. 2.1.2: Ter a nacionalidade española
Art. 2.1.3: Residir en América
Art. 2.1.4: Ter 65 ou máis anos de idade, cumpridos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
Art. 2.1.5: Non ter participado nos últimos 15 anos naturais en programas de viaxes transatlánticos a Galicia desta secretaría xeral ou do Estado español.





Art. 2.1.6: Valerse por si mesmo, non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e que estean en condicións de realizaren unha viaxe de longa duración.
Art. 2.1.7: Ter ingresos inferiores a 1,5 veces o importe das bases de cálculo da prestación económica por anciandade do Estado español, para o ano da convocatoria, segundo os países de residencia. Se a persoa solicitante convive con outra ou outras persoas nunha mesma unidade económica familiar, a contía anterior virá determinada pola suma do límite máximo de ingresos persoais máis o resultado de multiplicar o 70 por cento da devandita cifra polo número de conviventes menos un.
Art. 2.2: As persoas solicitantes poderán vir acompañadas polas persoas unidas a elas por matrimonio, unión de feito ou relación análoga, sempre e cando cumpran os requisitos esixidos nos puntos 1.3, 1.5 e 1.6 e acheguen a documentación xustificativa.
Art. 6.1.a: Fotocopia do pasaporte español ou documento nacional de identidade español en vigor do solicitante ou certificación consular do solicitante, para acreditar a nacionalidade española e a inscrición no Rexistro de Matrícula como residente.
Art. 6.1.b: Documentación acreditativa da última veciñanza administrativa en Galicia.
Art. 6.1.c: Documentación acreditativa da residencia en América, do lugar e data de nacemento, no caso de que estes datos non estean especificados na documentación anterior
Art. 6.1.d: Nos países en que exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, copia da última declaración presentada polo solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar. No caso de que o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar non estivesen obrigados a realizala, xustificación oficial desta circunstancia e certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/ou os membros da unidade económica familiar.
Art. 6.1.e: Nos países nos que non exista obriga de presentar declaración da renda das persoas físicas ou declaración similar, certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensións de calquera natureza que perciba o solicitante e/os membros da unidade económica familiar.
Art. 6.1.f: Certificado médico, segundo o modelo incluído no Anexo II desta resolución, conforme o solicitante se vale por si mesmo, non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.
Art. 6.1.g: Libro de familia, se procede. No seu defecto, achegarase documentación xustificativa do matrimonio, da unión de feito ou relación análoga e do nacemento do resto de membros da unidade económica familiar.
Art. 6.1.h.: Documento no que conste se é beneficiario das pensións asistenciais por anciandade do Estado español. De non o presentar entenderase que desiste da aplicación do criterio preferente de selección sinalado no punto 1 do art. 5 das bases reguladoras.
Art. 6.2.a: Fotocopia do pasaporte ou documento nacional de identidade en vigor (do cónxuxe)
Art. 6.2..b: Documentación acreditativa da residencia en América (do cónxuxe).
Art. 6.2.c: Certificado médico (do cónxuxe), segundo o modelo incluído no Anexo IV desta resolución, conforme o solicitante se vale por si mesmo, non padece trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e está en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.
Art. 7: O prazo de presentación de solicitudes para este programa será de dous meses contados desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no <i>Diario Oficial de Galicia</i> .



Art. 71.1 da Lei 30/92 : se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os exixidos no seu caso pola lexislación específica aplicable, requírase á persoa interesada para que no prazo de 10 días emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixese, se lle tería desistida da súa petición.